



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

|                 |  |       |  |        |                |
|-----------------|--|-------|--|--------|----------------|
| Lugar da proba: |  | Data: |  | Nivel: | <b>CELGA 4</b> |
|-----------------|--|-------|--|--------|----------------|

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

|                           |                                                                                                                                                                                                                                                           |                |                                                               |  |  |
|---------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|---------------------------------------------------------------|--|--|
| Apelidos e nome:          |                                                                                                                                                                                                                                                           |                |                                                               |  |  |
| DNI / NIE / Pasaporte:    |                                                                                                                                                                                                                                                           | Nacionalidade: |                                                               |  |  |
| Data de nacemento:        | ___ / ___ / _____                                                                                                                                                                                                                                         | Sexo:          | <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller |  |  |
| Lugar de nacemento:       | <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España<br><input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía |                |                                                               |  |  |
| Lugar de residencia:      | <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea                                                                                                                                                              |                |                                                               |  |  |
| Tipo de estudos cursados: | <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos                                                                                                      |                |                                                               |  |  |

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.





2022420001

# Celga



# 4



XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DE POLÍTICA  
LINGÜÍSTICA

C4-A-II-22



## Proba A1

---

Vostede ten un blog no que cada semana escribe sobre avances tecnolóxicos. Logo de ver esta reportaxe na televisión, decide publicar unha **entrada** sobre as tecnoloxías aplicadas á lingua. Neste texto, de **400 palabras**, debe:

- Facer un percorrido pola historia e evolución nos modos de comunicarse do ser humano.
- Indicar o contexto no que xorde a empresa Cilenis e citar algunha das súas ferramentas lingüísticas e como llelas ofrecen aos seus clientes.
- Explicar por que naceu Avalingua e que se pretende lograr con ela.
- Opinar sobre a influencia das ferramentas tecnolóxicas no uso normal dunha lingua.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA  
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1




## Proba A2

Vostede, membro dunha cooperativa agrícola de cultivo de tomates, considera que para facer as súas explotacións máis competitivas cómpre optimizar os sistemas de produción. Por iso, logo de ler este artigo sobre a polinización con abellóns, decide escribirlles un **correo electrónico** aos demais cooperativistas. No texto, de **400 palabras**, debe:

- Expresarlles o seu interese por mellorar os sistemas de produción e comentarlles por que a polinización con abellóns é máis rendible.
- Explicarlles as vantaxes da polinización con abellóns fronte ao uso de abellas ou outros métodos manuais.
- Describirlles como son as colmeas e darlles as indicacións necesarias sobre a súa instalación e manexo.
- Valorar os beneficios dos procedementos naturais na calidade da produción e animar os demais socios a adoptalos.

### Polinización con abellóns



Para obter unha boa colleita, as flores do cultivo necesitan ser polinizadas.

Ata hai uns poucos anos, a polinización facíase manualmente cun vibrador eléctrico. En certas áreas de cultivo, a frutificación estimulábase con aplicacións de hormonas, dirixidas ás flores, pero era un labor pesado e moi laborioso. Tamén se utilizaban abellas. Non obstante, todos estes métodos presentaban unha serie de inconvenientes:

- En xeral, as abellas non traballan ben dentro dos invernadoiros ou dentro dos túneles. Son menos eficaces durante os períodos fríos ( $<15\text{ }^{\circ}\text{C}$ ) e nos días anubrados.
- A polinización manual esixe moito tempo e é difícil manexala.
- A utilización de hormonas provoca a miúdo a produción de froitos de menor calidade que non son apropiados para a exportación (froitos demasiado brandos, deformados e sen sementes).

En 1987, observouse como os abellóns podían ser unha boa alternativa para esta actividade, xa que se conseguía máis eficacia na polinización e na frutificación que coa vibración manual e a aplicación de hormonas. Ofrecen unha opción moi boa que asegura unha produción de excelentes tomates en invernadoiros.

Comparados con outros insectos polinizadores, como as abellas, os abellóns son máis efectivos porque son máis grandes e poden visitar un número maior de plantas por voo, é dicir, máis flores por minuto (unha media de 20-30), e logran un mellor contacto co estigma e cos estames.

Por outra banda, o clima ten menos influencia no comportamento dos abellóns que noutros insectos polinizadores. Son moi activos a temperaturas baixas (5 °C), en tempos de vento e ceos moi anubrados, o que os fai útiles tanto para os cultivos precoces como para os serodios. Non obstante, a calor extrema reduce a súa actividade. Pola contra, as abellas comúns permanecerán nas súas colmeas a temperaturas inferiores a 10 °C, con chuvia, con vento de forza 7 ou máis, ou con máis dun 70 % de nebulosidade.

Unha vantaxe importante dos abellóns fronte ás abellas é a ausencia dun sistema de comunicación. A abella melífera informa as súas compañeiras por medio do baile da presenza dunha fonte de comida fóra do cultivo no que se require a súa actividade de polinización e, como resultado, as abellas saírían colectivamente do cultivo cara a un novo lugar. Porén, os abellóns non teñen tal sistema de comunicación e, cando un abellón encontra unha fonte de comida atractiva noutra parte, non pode informar os seus compañeiros, de maneira que os outros continuarán traballando na colleita na que se requiren os seus servizos.

Son un método de polinización económico e poden substituír completamente a polinización manual e a utilización de hormonas, o que supón unha diminución de traballo físico, de man de obra e de custos para o agricultor.

Nos cultivos de tomate, a polinización mediante abellóns supón unha produción máis alta e tamén froitos máis grosos e de calidade superior.

## **As colmeas**

As colmeas comerciais empregadas nos cultivos hortícolas teñen unha morfoloxía simple, segura, fácil de controlar e que non precisa mantemento. Conta cunha parte externa, realizada en cartón reciclable con características hidrófobas que protexe a colmea durante o transporte e a manipulación e das condicións climáticas adversas, e cunha parte interna, que alberga os distintos compartimentos da colmea, basicamente dous: o niño e un compartimento de comida movable. Debido a que as flores de tomate carecen de néctar, as colmeas están dotadas dunha bolsa ou botella de xarope artificial composto de azucre e auga.

Unha colmea está formada por un grupo de cincuenta a sesenta obreiras e ten unha esperanza media de vida de seis a oito semanas. O número de colonias necesarias depende do tipo de invernadoiro ou túnel, da estación do ano, da densidade de plantación e da presenza de flores silvestres. Así mesmo, inflúe a variedade de

tomate, unha colonia pode polinizar de 1000 a 3000 m<sup>2</sup> de cultivo (2000 m<sup>2</sup> en tomates redondos, 2500 m<sup>2</sup> en tomates de carne e 1250 m<sup>2</sup> en tomates tipo cereixa).

As colmeas colocaranse cara á banda norte do terreo e sempre orientadas cara ao sur, de 0,5 a 1 metro sobre o chan. Despois de colocalas, débense deixar pechadas durante unha ou dúas horas ata que os abellóns se tranquilicen. É importante que non se instalen varias colmeas xuntas porque os abellóns teñen tendencia a equivocarse e poden introducirse nunha que non é a súa se están pegadas.

Durante o período do inverno, cómpre colocalas ao sol. No verán, as colmeas deben protexerse da calor e abrirse pola mañá, xa que en períodos moi calorosos os insectos só saen durante as primeiras e últimas horas do día porque, cando as temperaturas son altas no interior da colmea, os abellóns tratan de airear a colonia mediante o movemento das ás.

Cando se abren as colmeas por primeira vez, as saídas dos abellóns son algo torpes, pero logo dos voos iniciais de orientación comezarán inmediatamente a polinizar a colleita.

Antes de introducir a colmea hai que asegurarse de non tratar a plantación con produtos químicos prexudiciais para os abellóns, polo menos durante os últimos quince ou vinte días, xa que do contrario prexudicaría o callado dos froitos. Cando se traten os invernadoiros veciños, pódense subir as bandas ou retirar as colmeas no caso de que se utilicen produtos moi fortes.

Ao reintroducir as colmeas, se foi preciso retiralas, débense situar no mesmo lugar onde estaban inicialmente, coa mesma orientación, para evitar que os abellóns se desorienten. Para isto é conveniente enumerar as colmeas e os lugares onde estaban colocadas, co fin de evitar confusións cando se volvan instalar.

Por último, hai que indicar que é recomendable facer controis periódicos da actividade dos insectos, xa que poden darse causas (morte da colmea, ataque das formigas, número insuficiente de colmeas no invernadoiro...) que provoquen unha porcentaxe baixa ou nula de flores polinizadas.

Texto traducido e adaptado de  
[https://www.infoagro.com/documentos/aspectos\\_tecnicos\\_polinizacion\\_abejorros\\_\\_parte\\_i\\_.asp](https://www.infoagro.com/documentos/aspectos_tecnicos_polinizacion_abejorros__parte_i_.asp)

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA  
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



# PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

## FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

|    | Adecuación |   |   |   | Cohesión e coherencia |   |   |   | Gramática |   |   |   | Léxico |   |   |   | Cualificación |            |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| A1 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 | Apto/a        | Non apto/a |
| A2 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 |               |            |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





# PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

## FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

|    | Adecuación |   |   |   | Cohesión e coherencia |   |   |   | Gramática |   |   |   | Léxico |   |   |   | Cualificación |            |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| A1 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 | Apto/a        | Non apto/a |
| A2 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 |               |            |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:





# PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

## FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

|    | Adecuación |   |   |   | Cohesión e coherencia |   |   |   | Gramática |   |   |   | Léxico |   |   |   | Cualificación |            |
|----|------------|---|---|---|-----------------------|---|---|---|-----------|---|---|---|--------|---|---|---|---------------|------------|
| A1 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 | Apto/a        | Non apto/a |
| A2 | 1          | 2 | 3 | 4 | 1                     | 2 | 3 | 4 | 1         | 2 | 3 | 4 | 1      | 2 | 3 | 4 |               |            |

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

